



ACSUG • Rúa Lamas de Abade s/n, Edif. IES Compostela 5º planta • 15702 Santiago de Compostela
Tfn: 981554173 • Fax: 981554174 • E-mail: acsug@acsug.es • www.acsug.es

ACSUG
AXEÑIA para a CALIDADE do
SISTEMA UNIVERSITARIO de
CALICIA

ID MEC: 2501183

Nº EXPEDIENTE: 1569/2009

INFORME DE AVALIACIÓN DO PLAN DE VIABILIDADE

DENOMINACIÓN DO TÍTULO		GRADUADO OU GRADUADA EN XEOGRAFÍA E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
MENCIONES/ESPECIALIDADES		
UNIVERSIDADE RESPONSABLE		UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
CENTRO RESPONSABLE		FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA CAMPUS DE SANTIAGO
CENTRO/S ONDE SE IMPARTE O TÍTULO		FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA CAMPUS DE SANTIAGO
TÍTULO INTERUNIVERSITARIO	UNIVERSIDADE COORDINADORA	
	UNIVERSIDADE/S PARTICIPANTE/S	
RAMA DE COÑECEMENTO		CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS
NÚMERO TOTAL DE CRÉDITOS		240
PROFESIÓN REGULADA		NON
MODALIDADE DE IMPARTICIÓN		PRESENCIAL
ACREDITACIÓN EX ANTE (VERIFICACIÓN)		06/07/2009
CURSO DE IMPLANTACIÓN		2009/2010
RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN		11/03/2015

De acordo co establecido no artigo 12.3. da Orde do 20 de marzo de 2012 pola que se desenvolve o decreto 222/2011, con data 4 de maio de 2015, a Secretaría Xeral de Universidades remitiu á ACSUG a documentación correspondente aos títulos que deben someterse aos plans de viabilidade, de acordo co establecido no artigo 14.1. do Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Conforme ao establecido no artigo 14.2. do dito Decreto, a ACSUG procedeu á avaliación do Plan de Viabilidade do título de **Graduado ou Graduada en Xeografía e Ordenación do Territorio** pola **Universidade de Santiago de Compostela**.

A avaliación realizouse pola Comisión de Avaliación de Plans de Viabilidade formada por expertos do ámbito académico e profesionais. Os membros desta comisión foron nomeados pola CGIACA o día 19 de marzo de 2015.

Este informe é o resultado da avaliación da documentación remitida pola Secretaría Xeral de Universidades, de acordo cos criterios facilitados a tal efecto.

A Comisión de Avaliación, de forma colexiada e deixando constancia de que o informe de avaliación resultante non está valorando a calidade e continuidade do título senón o plan de viabilidade presentado, emite un informe de avaliación en termos de:

- Favorable
- Desfavorable

1. PUNTOS FORTES:

- O feito de que o título dispoña dun Plan de Melloras, froito do seguimento e do proceso de renovación da acreditación, é unha evidencia de que o título está sendo sometido a unha análise para detectar os problemas e poñerlle solución.
- O grao de consolidación do profesorado que imparte o título é elevado. Predominan profesores funcionarios con ampla experiencia docente e actividade investigadora media notable. A satisfacción dos estudiantes co profesorado é elevada.
- Preocupación por enfocar o título a unha orientación más profesionalizante, de cara á ordenación territorial e á planificación urbanística, evitando o enfoque xenérico ou orientación cultural doutras titulacións do mesmo ámbito (por exemplo, Xeografía e Historia). Isto pode incrementar as saídas profesionais para os graduados.

- Titulación cun longo percorrido e que emprega as novas tecnoloxías na súa docencia de forma habitual.

2. ÁREAS PARA A MELLORA:

- Aínda que o grao ten a súa orientación distintiva, comparte moitos contidos co Grao en Xeografía e Historia da Universidade de Vigo (Ourense), tamén con problemas de demanda. Aprécianse tamén afinidades, polo menos no perfil de estudiante a captar, co Grao de Humanidades de UDC (Ferrol) ou o Grao de Ciencias da Cultura e Difusión Cultural da USC (Lugo), na mesma tesitura de falta de alumnos. De persistiren os problemas de demanda, habería espazo para iniciativas convxuntas, quizais pensando nun único programa troncal con diversas orientacións ou mencións (historia, historia da arte, turismo, xestión do patrimonio, xeografía física, xeografía humana, ordenación do territorio, ...).
- No actual contexto de crise, e especialmente coa explosión da burbuila inmobiliaria, destruíuse gran parte das posibilidades de inserción profesional. Ademais, creouse unha bolsa de profesionais sen traballo no ámbito da planificación urbanística que supón unha seria competencia para os egresados actuais. A orientación á ordenación e planificación territorial que fai uns anos podía verse como o gran atractivo, pode que agora sexa o principal problema. Esta orientación leva a competir con outras titulacións técnicas (arquitectura, enxeñeiros de camiños, enxeñaría civil, ...). Recoméndase buscar asociacións ou sinerxías con titulacións similares que repercutan positivamente na orientación laboral dos estudiantes.
- Descríbense as iniciativas de mellora formuladas a raíz da renovación da acreditación. Estas iniciativas levarán a mellorar o funcionamento do título e o logro das competencias previstas por parte dos estudiantes, pero non se aprecia que poidan ter un efecto directo sobre a demanda da titulación. Débese establecer un plan específico de captación enfocado a incrementar a demanda da titulación.
- Apórtanse resultados dun estudio de inserción laboral de egresados (ata 2003). A partires deste estudio, non se teñen identificado cambios no programa formativo que o poidan facer máis atractivo desde o punto de vista da empregabilidade. Recoméndase analizar o plan de estudos neste senso. No plan de melloras do título xa se recolle unha acción dirixida á análise do título e á reflexión sobre materias optativas que se poderían incluir de acordo cos futuros intereses profesionais dos estudiantes.
- La taxa de abandono é moi elevada (37,29%). Xa está en marcha unha acción de mellora para analizar as causas deste abandono, pero cómpre analizar tamén se o perfil de ingreso dos estudiantes é o ideal.

- Fomentar a proxección externa da titulación establecendo contactos con outras titulacións a nivel galego, nacional e internacional.
- Débese facer un esforzo para que os potenciais alumnos que acceden á universidade coñezan a oferta formativa deste grao e as características dos egresados.
- Débese fomentar a mobilidade dos estudiantes, potenciando a incorporación de alumnos nacionais e internacionais.

Santiago de Compostela, a 3 de xuño de 2015



José Eduardo López Pereira
Director ACSUG